

PROBA DE ACCESO A: 2º DE GRAO ELEMENTAL de CLARINETE

Poderase acceder a calquera outro curso das ensinanzas elementais sen ter cursado os anteriores sempre que, a través dunha proba, a persoa aspirante demostre posuír os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.

A devandita proba consistirá no seguinte:

-Interpretación, no instrumento, de dúas obras de libre elección e unha obra ou exercicio a primeira vista proposto polo tribunal.

-Exercicio teórico-práctico para valorar para valorar a capacidade auditiva e vocal, así como os coñecementos de linguaxe musical.

Contidos

- Interpretar as pezas cunha calidade do son axeitada ao nivel do curso inmediatamente anterior ao que quere optar.
- Interpretar as pezas coa correcta medida e fraseo.
- Interpretar o repertorio coa soltura técnica requerida para cada peza ou obra.
- Acadar na interpretación fidelidade nos matices dinámicos, agónicos e articulación que esixa a obra.
- Amosar a capacidade da lectura a primeira vista na interpretación.
- Acadar un bo acoplamento co instrumento acompañante na execución das pezas ou obras que exisan acompañamento.

Criterios de avaliación

A táboa de cotexo utilizada para rexistrar as cualificacións das probas será a seguinte:

Texto: -Dificultade da obra -Fidelidade da partitura	10%	
Ritmo: -Precisión -Exactitude rítmica -Tempo	20%	
Musicalidade: -Estilo -Expresión -Fraseo -Carácter -Posta en escena	30%	
Técnica: -Articulación -Son -Posición corporal -Dixitación -Afinación -Respiración	40%	
Resultado final do cotexo		

IMPORTANTE:

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.

PROBA DE ACCESO A: 2º DE GRAO ELEMENTAL de CLARINETE

Listado de obras orientativas

- Enjoy PlayingRuth Bonetti.
- La Clarinette Classique Vol. AJ. Lancelot et Classens
- Introduction to the clarinet.....George Draper
- Aprendiendo a tocar el clarinete.....Peter Wastall.
- The Joy of ClarinetYorktown Music Press
- Abradacabra DúosMalcolm Pollock

Pontevedra, 8 de xullo de 2019

IMPORTANTE:

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.